

Criterios de asignación de destinos, elaboración de contrato de estudos e limitacións de períodos de intercambio de aplicación aos programas de mobilidade do alumnado da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense:

Aprobada en Xunta de Facultade do 4 de Marzo de 2016

A Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo establece unha serie de criterios, requisitos académicos e limitacións que regulan as condicións de mobilidade para o alumnado matriculado en dita facultade que desexe optar a programas de intercambio de ERASMUS +, BOLSAS PROPIAS E OUTRAS BOLSAS DE INTERCAMBIO.

- **Criterios que se aplican para a asignación de prazas Erasmus:**

Cando para un mesmo destino houbera varias solicitudes, a asignación a ese destino realizarase sumando as seguintes valoracións:

1. Media expediente académico (facilitado por Xescampus)
2. Nivel de coñecemento lingüístico, debidamente acreditado, en inglés e/ou na lingua do país de destino. Engadirase á media do expediente a seguinte puntuación dependendo do nivel acreditado: B1: 1; B2: 1.5; C1: 2; C2: 2.5

Naquelas universidades onde se esixa o B1, a posesión deste será determinante para optar á praza.

- **Criterios para a elaboración dos Contratos de estudos**

O estudante debe seleccionar todas as materias do curso completo inmediatamente superior ó que estea cursando cando solicita a bolsa Erasmus. Non é posible engadir materias de cursos inferiores independentemente de que sexan suspensas ou non presentadas. Deben incorporarse materias que sumen un total de 30 créditos por cuatrimestre ou 60 se é curso académico completo.

Estes criterios teñen tres excepcións:

1. Se un alumno matriculouse no curso que lle corresponde dunha materia dun curso superior pode volver a repetir este procedemento durante o seu período de intercambio.
2. Alumnos procedentes doutras titulacións ou universidades cunha matrícula sometida a un réxime de validacións.
3. Alumnos de cuarto curso de grao, que teñan que cursar obrigatoriamente prácticas e/ou traballo fin de grao so poderán incorporar materias de 4º curso.

En ningún caso se poderán incorporar materias suspensas ou non presentadas.

- **Limitacións períodos de intercambio**

1. O alumno poderá optar a todos os programas de intercambio da Universidade de Vigo sempre e cando estea matriculado na universidade e cumpra os requisitos de dita convocatoria.
2. Para cursar mais de dous cursos académicos a través de programas de intercambio é necesario ter superado, polo menos, un curso completo (60 créditos) na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense.

